

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN NA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

IES AGRA DO ORZAN. ESO. CURSO 2024/2025.

EF. ESO.

Cada curso académico está estruturado en diferentes unidades didácticas. Dentro de cada UD será reflexada unha nota relativa a cada tipo de criterios de avaliación:

- Criterios de avaliación relacionados co eido práctico: 40% do total da cualificación.
- CA relacionados co eido teórico: 20% na ESO e 40% en bacharelato.
- CA relacionados co eido actitudinal: 40% na ESO e 20% en bacharelato.

Para a cualificación de cada UD teremos en conta, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD). Para a superación de cada UD o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, cunha porcentaxe igual ou superior ao 40% en cada apartado.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media ponderada das cualificacións obtidas en cada apartado de cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final e/ou a avaliación final, obterase calculando a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos e instrumentos: preguntas orais, probas escritas (poderán ser exames tipo test e de resposta curta), probas prácticas, observación directa. e traballos escritos. O procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa da practica con diversos instrumentos de avaliación: rúbricas, listas de cotexo, probas físicas e escalas de valoración.

Se o alumno/a amosa unha clara progresión e melloría, pero numericamente non acadada unha nota superior, poderá incrementar a súa cualificación ata un 10% máis.

Dado que en cada curso académico existe una unidade didáctica realizada no medio acuático, é necesario, salvo excepcións médicas, que o alumnado realice algunha das prácticas para superar a materia. Considerase relevante o interese e a motivación do alumnado cara á aprendizaxe da natación.

Criterios de recuperación: O alumnado que por diferentes motivos, lesións etc., non poda seguir o ritmo das sesións por un período de tempo determinado, participará na medida do posible: determinarase o rol que deberá desempeñar: árbitro, apoio aos compañeiros, exercicios escritos etc. Para a súa avaliación empregaranse rúbricas específicas e/ou traballos escritos.

Para recuperar as UU.DD. non superadas: proporanse ao alumnado actividades de recuperación, en titorías individuais.

De non superalas, quedará pendente de recuperar. Para recuperar a avaliación trimestral: o alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas, recibirá un plan de traballo individual.

O alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, que non consegue superar a avaliación coa realización desas actividades, deberá superar unha proba final teórica e/ou práctica na que será avaliado dos mínimos de consecución non superados. As porcentaxes, salvo excepcións moi concretas (esencialmente médicas) serán: 60% probas e exames prácticos. 40% probas e exames teóricos.

No caso que o alumno non poda realizar actividades prácticas, farase unha proba teórico-práctica.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes alumnado que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información: - Identificación da alumna ou do alumno. - Información relevante sobre a materia sen superar. - Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. - Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. - Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. - Tarefas para realizar, coa debida temporalización. - Seguimento e avaliación.

### **Criterios de avaliación en Bacharelato:**

A calificación de cada trimestre será atendendo a:

- 20% criterios comúns.
- 40% criterios avaliados a través de probas escritas.
- 40% criterios avaliados a través de probas prácticas.

Nas UU.DD. hai tres criterios de avaliación comúns que ponderan un 20% da nota. Estes criterios son os que fan referencia a:

- Incorporar de forma autónoma e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices.
- Practicar diversas actividades motrices, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.
- Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e críticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.